

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

SRES.CONCELLEIROS PRESENTES.-

DON MANUEL VÁZQUEZ FARALDO (PSdeG - PSOE)

DONA MARÍA CATALINA MORADO FARIÑA (PSdeG - PSOE)

DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSdeG - PSOE)

DON MOISÉS DOPICO LONGUEIRA (PSdeG - PSOE)

DON AGUSTÍN SANZ HORCAJO (PSdeG - PSOE)

DONA MARINA VARELA LAGE (PSdeG - PSOE)

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DONA JOSEFINA ROMEU PÉREZ (PP)

DON JOSÉ AGUSTIN ANDRÉS ANDRÉS (PP)

DONA ANA ISABEL PICOS FREIJOMIL (PP)

DON ANTONIO DOCE LOURIDO (PP)

DON JOSÉ PAZ CASAL (PP)

DON RICARDO ALEJANDRO MATÍAS SÁNCHEZ OROZA (IND) (CXG – CCTT)

SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-

DONA ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ

No salón de Plenos municipal sito na rúa da Carreira nº 38 de Miño ás doce horas do día 13 de xuño de 2015, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e o artigo 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e ao efecto de proceder a celebrar a constitución da nova Corporación Municipal do Concello de Miño, á vista dos resultados das Eleccións Municipais celebradas o día 24 de maio de 2015, para a renovación da totalidade dos membros das corporacións locais, reúnense os Sres. concelleiros electos na marxe numerados, asistidos pola secretaria municipal, que dá fe do acto.

Seguidamente iníciase a sesión, pasando a continuación a debater a seguinte

ORDE DO DÍA

1.- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE

Declarada aberta a sesión, a secretaria municipal procede a dar lectura ao artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, procedéndose a constituír a Mesa de Idade, integrada polos concelleiros electos de maior e menor idade presentes no acto e da que será secretario o da corporación, quedando constituída a Mesa de Idade por don Agustín Sanz Horcajo, concelleiro asistente de maior idade, como presidente; don Antonio Doce Lourido, concelleiro de menor idade; e de dona Alejandra Rodríguez Menéndez, secretaria xeral do Concello de Miño.

2.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Constituída a Mesa de Idade o presidente da mesma procede a dar lectura de todas as credenciais que lles foron entregadas, acreditativas da personalidade dos concelleiros electos, procedendo á comprobación das mesmas, e acreditando cada concelleiro electo a súa personalidade.

A continuación, compróbase que todos os concelleiros electos formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, invitando o presidente da Mesa de Idade aos concelleiros electos a que expoñan se lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa declaración, sen que por parte deles haxa manifestación ningunha.

Tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral e do artigo 47.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e que concorren a esta sesión a maioría absoluta de concelleiros electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral.

O xuramento ou promesa realízase utilizándose a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas "Xuro ou prometo pola miña conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Miño, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado."

A continuación o presidente da Mesa de Idade procede a nomear a cada un dos concelleiros electos, lendo a fórmula persoalmente cada un deles, manifestándose da seguinte maneira:

DON MANUEL VÁZQUEZ FARALDO (PSdeG - PSOE) - promete

DONA MARÍA CATALINA MORADO FARIÑA (PSdeG - PSOE) - promete

DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSdeG - PSOE) - promete

DON MOISÉS DOPICO LONGUEIRA (PSdeG - PSOE) - promete

DON AGUSTÍN SANZ HORCAJO (PSdeG - PSOE) - promete

DONA MARINA VARELA LAGE (PSdeG - PSOE) - promete

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP) - promete

DONA JOSEFINA ROMEU PÉREZ (PP) - xura

DON JOSÉ AGUSTIN ANDRÉS ANDRÉS (PP) - xura

DONA ANA ISABEL PICOS FREIJOMIL (PP) - xura

DON ANTONIO DOCE LOURIDO (PP) - xura

DON JOSÉ PAZ CASAL (PP) - xura

DON RICARDO ALEJANDRO MATÍAS SÁNCHEZ OROZA (IND) (CXG - CCTT) - promete

Feito o cumprimento do disposto no artigo 175 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, ás doce horas e dez minutos o presidente da Mesa de Idade declara constituído o Concello de Miño tras as eleccións municipais celebradas o día 24 de maio de 2015.

3.- ELECCIÓN DE ALCALDE

Posteriormente a secretaria da Corporación procede á lectura do artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral e á elección do alcalde – presidente da Corporación.

a) Proclamación de candidatos á Alcaldía.

Tras isto o presidente da Mesa de Idade pregunta aos concelleiros que encabezan as listas se manteñen a súa candidatura a alcalde ou se a retiran, manifestándose no seguinte sentido:

DON MANUEL VÁZQUEZ FARALDO, do PSdeG - PSOE, mantén a súa candidatura.

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP), manifesta que vai apoiar a outro grupo.

O público comeza a berrar. A secretaria toma a palabra e pide que se absteñan de facer manifestacións e alterar a orde pública, que hai que respectar as decisións de todo o mundo e que se logo a xente quere facer manifestacións que a lei prevé outro tipo de actos fóra do Salón de Sesións.

DON RICARDO ALEJANDRO MATÍAS SÁNCHEZ OROZA (IND) (CXG – CCTT), mantén a súa candidatura.

Seguidamente procédese a proclamar candidatos á alcaldía do Concello.

b) Elección do sistema de votación.

Tras a proclamación de candidatos, o presidente da Mesa invita aos concelleiros electos a elixir o sistema de votación (artigo 101 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais) para elixir alcalde.

Elixido o sistema de votación ordinaria mediante a forma de man alzada, procédese á votación co seguinte resultado:

NOME E APELIDOS DE CADA CONCELLEIRO CANDIDATO	NÚMERO DE VOTOS EN LETRA	NÚMERO DE VOTOS EN NÚMERO
MANUEL VÁZQUEZ FARALDO	Seis	6
RICARDO ALEJANDRO MATÍAS SÁNCHEZ OROZA	Sete	7

O público comeza a berrar novamente, e a secretaria volve repetir o mesmo, que non se teñan altercados da orde pública, por favor, que as manifestacións se fagan fóra do Salón de Sesións, e que se continúan as manifestacións vai pedir que se desaloxe a sala.

En consecuencia , sendo TRECE o número de concelleiros, e sete a maioría absoluta legal, ás doce horas e catorce minutos o presidente da Mesa de Idade procede a proclamar alcalde – presidente da Corporación a DON RICARDO ALEJANDRO MATÍAS SÁNCHEZ OROZA, cabeza de lista do CXG – CCTT.

4.- TOMA DE POSESIÓN.

A continuación, de conformidade co artigo 18 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, e o artigo 40.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das

entidades locais, procede dar lectura á formula de acatamento á Constitución, segundo o seguinte literal: Xuro ou prometo pola miña conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde do Concello de Miño, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

Seguidamente o alcalde maniféstase da seguinte maneira: promete pola súa conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde do Concello de Miño, con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Realizada promesa, o Sr. Presidente da Mesa faille entrega dos atributos do seu cargo (bastón de mando) e ás doce horas e vinte e un minutos pasa don Ricardo Alejandro Matías Sánchez Oroza a ocupar a presidencia da Sala e disólvese a Mesa de Idade.

O Sr. alcalde – presidente don Ricardo Alejandro Matías Sánchez Oroza, expón que antes ía propoñer unha cuestión de orde que non se puido facer, polo que o vai facer agora.

Unha persoa do público dille que o fale en galego, que é compromiso por Galicia.

O Sr. Alcalde responde que fala galego ata un punto e continúa dicindo que antes de realizar a votación a súa intención era propoñer nesta mesa, unha vez que os concelleiros tomaran posesión do seu cargo, pero antes de someter a votación a elección do alcalde a seguinte cuestión de orden.

“Antes de someternos á votación para a elección do alcalde, desde Compromiso, como forza minoritaria neste pleno, pero tamén como posibilidade de equilibrio, queremos propoñer que tanto PSOE como PP nos apoiem na formación dun goberno de unidade presidido por este candidato. E facémoslo hoxe aquí, porque dende o día das eleccións municipais, estivemos intentado promover un acordo co Psoe para lograr formalizar un goberno de maiorías progresistas, dirixido por Manuel Vázquez. Isto non foi posible, por unha actitude que non queremos agora cualificar, aínda que o que buscábamos é que os asuntos de Miño sexan resoltos coa vontade de todos. Non nos queda entón máis remedio que facer hoxe esta convocatoria por canto nos parece que é o momento de poñer os intereses de todos os veciños por enriba dos partidarios. Miño atravesa unha situación de verdadeira emerxencia social e económica. Non nos quedemos na mesquindade dun goberno de minorías.

O alcalde continúa dicindo que se presentaron a estas Eleccións Municipais porque nunca vimos no PSOE unha opción de cambio real en relación coas políticas do PP. É por iso que hoxe nos propoñemos como aspirantes á Alcaldía de Miño, e explica que era para ser lido antes da votación, porque dende unha posición de equidistancia intentaremos levar adiante o noso programa de goberno, coa axuda e a predisposición de ambos os dous partidos. Miño necesita a ilusión dun goberno municipal que non sexa expresión directa de ningún partido. Temos 25 millóns de razóns para tratar de formar un goberno que sexa capaz de producir os consensos necesarios para que se poida pechar o problema do pago aos expropiados de Fadesa; catro millóns e medio de motivos para ter un goberno que poida ser un interlocutor válido para renegociar a Urbanización do Monte Piñeiro; un goberno que sexa capaz de provocar o cambio necesario nos Servizos Sociais; pero por riba de todo un goberno coas mans libres, sen mochilas nin contrapesos de ningunha natureza. Por todo isto incluso agora seguimos propoñendo a formación dun goberno en Miño, que poña en valor o mellor de cada un dos partidos que hoxe están representados neste pleno. E continúa dicindo que era o que el ía presentar na cuestión de orde pero que non se puido formular, e que aínda que non se presentou antes que o presenta agora; e a ambos os dous cabezas de lista ofrécelles que de aquí ao luns que se reúnan para poder formar unha comisión de goberno de unidade. E que quere aclarar que as maiorías en democracia, constrúense negociando, cedendo e compartindo. En España dotámonos dun sistema

electoral proporcional para dar voz ás minorías e para que estas, agrupadas e dende o acordo político poidan converterse tamén en maioría. Deberíamos saber que en democracia, o partido maioritario non pode impoñerse á maioría formada por outras forzas políticas, que un 40% non é maioría absoluta, e que 5+2 son máis que seis. Que non se caia na trampa ou no erro de que valen máis os votos dos cidadáns cando o goberno sae dun grupo que cando sae de varios grupos, son votos de distintos cidadáns pero valen o mesmo. Estas tres cuestións non as formulo eu. Son palabras textuais de don Manuel Vázquez Faraldo recollidas na acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno municipal o día 9 de setembro de 2014. E insiste en que a súa oferta é ter unha comisión de goberno dos tres partidos, e incluso é intención tamén de maneira informal e non directa que participe o Bloque Nacionalista Galego no desenvolvemento do programa que se vai levar a cabo, o programa que se vai levar adiante é o programa de Compromiso, e para iso intentará ata o cansazo que se incorporen á comisión de goberno os dous grupos municipais do PP e do PSOE. Se así non fose tamén se pode gobernar absolutamente cun concelleiro sen ningún problema. Y que de aquí ao luns espero a chamada tanto de Manuel Vázquez Faraldo como de Jesús Veiga para conformar a comisión de goberno.

Alguén do público preguntalle se vai facer a auditoría que propón no seu programa.

O Sr. alcalde responde que por suposto, porque é o punto número un do programa e que se vai facer.

Outra persoa pregunta se vai retirar a denuncia da Carreira.

O Sr. alcalde responde que non.

Polo PSOE a Sra. Emma González Álvarez expón que respecte a vontade popular; e que vai crear un conflito de intereses, e que ademais ela lle vai facer valer ese conflito de intereses no xulgado.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que aquí se entregou un bastón de mando, un bastón de mando que entrega o pobo de Miño, a poboación de Miño, e reflicte o mandato de Miño. E polo que se ve hoxe torceuse aquí o mandato desa vontade popular, e que a vontade popular o 24 de maio expresouse apoiando maioritariamente o grupo que el encabezou e encabeza aínda. Non en vano tamén apoiou con 1389 votos ao Partido Popular, é dicir, na suma dos votos do Partido Socialista 1555 e os 1389 de veciños de Miño, case tres mil persoas apoiaron a estes dous grupos; hoxe temos un alcalde que foi apoiado por 234 veciños, respectables todos eles porque todos son veciños tamén. Polo que vemos, o alcalde elixido por 234 veciños, co apoio indigno duns señores que tiraron 1389 votos, que tiraron 1389 votos desprezando a vontade popular, popular, cos dous sentidos da palabra popular. Sodes, e volo digo a vós concelleiros do Partido Popular, indignos de estar nesa cadeira

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín replica varia veces que faga o favor e que respecte.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo continúa dicindo que hoxe é un día histórico pola indignidade que acabades de cometer.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo continúa dicindo infamia, indignidade, traizón, roubo, o que queirades dicir, cualificádeo como queirades, sodes indignos dese posto no que estades, acordádevos para toda a vosa vida, porque eu voume acordar, e seguro que os veciños que están aquí presentes tamén; pensade na xente que vos votou, pensade nesa xente porque estades aquí porque vos votaron, e pensade tamén o ben que lle facedes a este pobo, porque vós estades aquí para traballar para o pobo, non para servirse do pobo, que é o que estades facendo agora, serviros do pobo, todos. E continúa dicindo pensádeo ben, acábanos de convocar un alcalde ilexítimo, aínda que foi elixido polos concelleiros vulnerando a vontade popular

como dicía que nos acaba de convocar a unha reunión, con nós que non conte para formar goberno de ningunha maneira, de ningunha maneira; vós se queredes formar goberno e cargar coa cruz que vós mesmos vos puxestes ao lombo, cargade vós con esa cruz, pero poñédea diante dos veciños, esa cruz ídela cargar moitos anos, sede conscientes do que acabades de facer, non sei se vos destes conta, pensádeo ben hoxe cando vaiades para as vosas casas e faledes coas vosas familias e cando saíades á rúa. Jesús preséntate ante os veciños de Bemantes que tanto te apoiaron, preséntate ante eles porque vas ver o ben que te queren, o ben que te queren polo que acabas de facer vante felicitar e vancho agradecer. Ana, pensa moi ben cando saías á rúa todo o que che vai dicir a xente, pensádeo moi ben; José dicirche o mesmo, sodes rapaces novos, tedes unha vida por diante, pensade moi ben o que acabades de facer, pensádeo, reflexionade, eu creo que non sodes conscientes do que acabades de facer; Fina dentro do afecto e da amizade que tiñamos creo que hoxe o que fixeches non corresponde a unha persoa da túa categoría, sinto moito dicircho; Agustín, eu polo que te coñecía pensaba que eras unha persoa nobre, digna e responsable, creo que hoxe traizoaches ese concepto que eu tiña de ti. Antonio, es un rapaz novo, un rapaz que creo que toda a túa familia e os teus amigos te aprecian, hoxe gañaches o desprezo de moita desa xente, pénsao ben.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín toma a palabra, dando os bos días, e manifestando que as súas primeiras verbas son de felicitación a todo o pobo de Miño, continúa pedindo que por favor o deixen falar, que quere expresar o seu agradecemento a todos os veciños que votaron polo Partido Popular, que iso é a democracia. Neste grupo político Popular hai seis concelleiros, como hai seis concelleiros no Partido Socialista, e todos temos a mesma oportunidade de gobernar.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón nunca gañaches unhas eleccións, non che dá vergonza.

O Sr. alcalde toma a palabra e pide silencio por favor e deixen falar ordenadamente a cada concelleiro, un por vez.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín continúa dicindo que hai tres ou catro meses presentáronse aquí dúas mocións, e nesta mesa o Partido Socialista votou en contra dunha moción presentada por eles para que gobernara a lista máis votada.

O Sr. alcalde pide silencio

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín continúa dicindo que hoxe mesmo en varios concellos de todo España a lista máis votada do Partido Popular vai á oposición.

O Sr. alcalde pide orde e que se non se calma a xente ten que dar por concluído o pleno.

O Sr. alcalde expón que se vai pasar ao seguinte punto da orde do día.

5.- INFORME DE ARQUEO EXTRAORDINARIO E DE PATRIMONIO MUNICIPAL.

A Sra. Secretaria dá conta do arqueo extraordinario realizado co Sr. alcalde saínte, do que quedan informados todos os Sres. concelleiros. Os datos que figuran na acta de arqueo extraordinario do día 12 de xuño de 2015 son os seguintes:

Existencias:

	Metálico	Total
Caixa Corporación	244,90	244,90
Caixa formalización	0,00	0,00

Deutsche Bank, S.A.E.	7.575,79	7.575,79
Banco Pastor c.c.	35.306,06	35.306,06
Banco Santander Central Hispano	43.851,40	43.851,40
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria	206.703,20	206.703,20
BBVA Instituciones	107.048,49	107.048,49
Abanca	486.825,73	486.825,73
La Caixa	206.746,41	206.746,41
Sumas	1.094.301,98	1.094.301,98

En relación á situación patrimonial a Sra. secretaria informa que conforme á Lei 7/1985, do 2 de abril, e o Regulamento de bens das entidades locais de 1976, as corporacións locais teñen a obriga de manter un Inventario de bens e dereitos actualizado coas esixencias e contido da dita lexislación, e procede á súa lectura:

		VALOR ADQUISICIÓN	VALOR NETO
Epígrafe 1: Inmobles			
11090	PATRIMONIO ENTREGADO AO USO XERAL	15.411.524,19	15.411.524,19
12200	SOARES CON EDIFICACIÓN	1.398.825,65	1.398.825,65
12201	PREDIOS RÚSTICOS	262.206,82	262.206,82
12209	OUTROS TERREOS	1.051.275,56	1.051.275,56
12210	EDIFICIOS INDUSTRIAIS	187.856,94	161.403,43
12211	EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS	3.045.311,04	2.030.432,80
12212	EDIFICIOS COMERCIAIS	52.867,69	41.627,87
12213	OUTRAS CONSTRUCIÓN	1.150.757,77	177.195,10
12221	INFRAESTRUTURAS SANEAMENTO	5.898.288,63	5.229.965,28
12222	INFRAESTRUTURAS	2.241.541,71	1.619.537,16

	ABASTECIMIENTO		
12223	INFRAESTRUTURAS ALUMEADO	1.137.717,45	801.049,42
22213	OUTRAS CONSTRUÇÕES	1.366,33	688,75
Epígrafe 2: Dereitos reais			
22200	SOARES CON EDIFICACIÓN	67.523,52	67.523,52
22209	OUTROS TERREOS	68.463,98	68.463,98
22211	EDIFICIOS ADMINISTRATIVOS	731.139,98	637.585,88
Epígrafe 5: Vehículos			
52280	ELEMENTOS DE TRANSPORTE	310.190,52	8.879,95
Epígrafe 7: mobles			
72230	MAQUINARIA	476.427,97	129.246,74
72240	ÚTILES	77.973,70	1.376,31
72260	MOBILIARIO	1.054.517,79	250.082,32
72270	EQUIPOS PROCESOS INFORMACIÓN	131.715,18	3.216,11
72290	OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL	322.091,98	29.748,08
TOTAL		35.079.584,40	29.381.854,91

Cumplido o obxecto da convocatoria, polo Sr. alcalde – presidente, levántase a sesión sendo ás doce horas e corenta e dous minutos, de todo a cal, como secretaria dou fe.

O alcalde – presidente

A secretaria municipal

Asdo.- Ricardo A.M. Sánchez Oroza

Asdo.- Alejandra Rodríguez Menéndez



CONCELLO DE MIÑO
A Carreira, 38, 15630 Miño (A Coruña)
Telf.: 981 78 20 06 – 78 20 58
Servizos Sociais: 981 782 659
Fax: 981 78 31 75

UNIDADE: SECRETARIA

DONA ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE MIÑO, CERTIFICO: que na sesión ordinaria realizada polo Pleno o día 20 de decembro de 2016 adoptouse o acordo que se transcribe literalmente deseguido:

"8º.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS.

Dáse conta da proposta da Alcaldía na que se establece:

"Logo de ver os artigos 86 do Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (R.D.L. 781/1986, do 18 de abril) e 17 do Regulamento de bens das entidades locais (R.D. 1372/1986, do 13 de xuño) polo que se establece a obriga das entidades locais de formar inventario de todos os bens e dereitos da Corporación, esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello de Miño a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a rectificación do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación a data do 1/12/2016, cuxos datos pormenorizados de cada ben e dereito son os recollidos no expediente, sendo o seu resumo por epígrafes o seguinte:

EPÍGRAFE	VALOR ADQUISICIÓN	VALOR NETO
1º - INMOBLES	32.682.256,50€	28.318.185,11€
2º - DEREITOS REAIS	867.127,48€	745.489,59€
5º - VEHÍCULOS	310.190,52€	5.781,40€
7º - MOBLES	2.210.045,71€	282.522,65€

En consecuencia, o importe total do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación a 1 de decembro de 2016 é de trinta e seis millóns sesenta e nove mil seiscientos vinte euros e vinte e un céntimos de euro (36.069.620,21€) de valor de adquisición e de vinte e nove millóns trescentos cincuenta e un novecientos setenta e oito euros e setenta e seis céntimos de euro. (29.351.978,76€) de valor neto.

SEGUNDO. Que pola Secretaría da Corporación se proceda a formalizar a rectificación do Libro do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación, ao abeiro das regras previstas nos artigos 17 e seguintes do Regulamento de bens da entidades locais.

TERCEIRO. Que se remita o presente acordo, xunto cunha copia da rectificación do Inventario aprobado, á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, en cumprimento do preceptuado no artigo 32.1 do Regulamento de bens das entidades locais.

CUARTO. Que mediante Resolución de Alcaldía se aproben os asentos contables correspondentes para asentar o inventario na contabilidade, de xeito que sexa coherente o balance co inventario de bens aprobado, e logo do informe do órgano interventor."

Logo de ver que o presente punto foi sometido á Comisión Informativa de Asuntos Xerais que se realizou o día 15 de decembro de 2016, na que non tiveron lugar intervencións, someténdose o asunto ao preceptivo ditame co seguinte resultado: 7 votos a favor do Grupo mixto e do PP e 6 abstencións do PSOE polo que a proposta de alcaldía relativa á "Aprobación modificación do inventario municipal de bens" queda ditaminada favorablemente por maioría absoluta dos concelleiros integrantes da Comisión Informativa.

Deseguido comeza no pleno a rolda de intervencións:

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que este é un trámite que se debería de facer todos os anos, aínda que non se estaba a facer todos os anos, e que o deberían facer todas as administracións e incluso as empresas, ademais para saber o grao de deterioro, vía amortización que é o grao de medilo, que teñen eses bens. Que se lles pasou un ficheiro bastante completo, polo tanto están de acordo que estean rexistrados todos os bens, pero que observaron que por exemplo hai fontes públicas que non están incluídas, e que hai que lembrar que se aprobara hai uns meses



CONCELLO DE MIÑO
A Carreira, 38, 15630 Miño (A Coruña)
Telf.: 981 78 20 06 – 78 20 58
Servizos Sociais: 981 782 659
Fax: 981 78 31 75

UNIDADE: SECRETARIA

unha moción para que se incluían todas as fontes e lavadoiros; e logo que observaron que dentro do abastecemento de auga están incluídos os distintos bombeos residuais cando hai un epígrafe específico para abastecemento de auga e outra para os sumidoiros, e que non saben se é un erro ou non, e no caso de ser un erro piden que se corrixa, e se non que llelo expliquen. A Sra. secretaria responde que o vai mirar e que se lle explicará.

Deseguido sométese o asunto a votación ordinaria e obtén o seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PP e do PSOE (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno do Concello aproba por maioría absoluta:

Primeiro. Aprobar a rectificación do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación a data do 1/12/2016, cuxos datos pormenorizados de cada ben e dereito son os recollidos no expediente, sendo o seu resumo por epígrafes o seguinte:

EPÍGRAFE	VALOR ADQUISICIÓN	VALOR NETO
1º - INMOBLES	32.682.256,50€	28.318.185,11€
2º - DEREITOS REAIS	867.127,48€	745.489,59€
5º - VEHÍCULOS	310.190,52€	5.781,40€
7º - MOBLES	2.210.045,71€	282.522,65€

En consecuencia, o importe total do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación a 1 de decembro de 2016 é de trinta e seis millóns sesenta e nove mil seiscientos vinte euros e vinte e un céntimos de euro (36.069.620,21€) de valor de adquisición e de vinte e nove millóns trescentos cincuenta e un novecientos setenta e oito euros e setenta e seis céntimos de euro. (29.351.978,76€) de valor neto.

Segundo. Que pola Secretaría da Corporación se proceda a formalizar a rectificación do Libro do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación, ao abeiro das regras previstas nos artigos 17 e seguintes do Regulamento de bens das entidades locais.

Terceiro. Que se remita o presente acordo, xunto cunha copia da rectificación do Inventario aprobado, á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, en cumprimento do preceptuado no artigo 32.1 do Regulamento de bens das entidades locais.

Cuarto. Que mediante Resolución de Alcaldía se aproben os asentos contables correspondentes para asentar o inventario na contabilidade, de xeito que sexa coherente o balance co inventario de bens aprobado, e logo do informe do órgano interventor."

Para que conste, asino a presente certificación ao abeiro e coas excepcións previstas no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e prace do Sr. alcalde, Ricardo A.M. Sánchez Oroza.